



Xuño de 2020

PROPOSTAS EDUCATIVAS ELECCIÓN GALEGAS 2020

Desde a nosa continuidade e acción no campo da educación en múltiples institucións educativas e culturais de toda Galicia e desde o noso exercicio reflexivo, queremos achegar un conxunto de ideas e propostas con ocasión da celebración das próximas eleccións galegas e da subseguinte apertura dunha nova Lexislatura.

PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN

1. A educación é un dereito, e por iso é obriga e responsabilidade dos poderes públicos poñela ao alcance efectivo de todas as persoas en condicións de igualdade, garantindo a equidade no horizonte da construción dunha sociedade cada vez máis xusta, solidaria e libre.

2. Dada a distribución desigual de oportunidades económicas, sociais e culturais, e os complexos retos a afrontar para a construción dunha sociedade máis equitativa e efectivamente democrática, cómpre salientar a situación central da educación e dos servizos públicos que a desenvolven ao servizo do dereito de todos e todas, e das garantías da desexable cohesión social. Complementariamente, isto significa a construción do espazo cidadán público, integrador e inclusivo das diversidades.

3. Para isto é necesario impulsar en Galicia a mobilización cívica e social democrática, contraria á xestión administrativa neoliberal que practica a actual Xunta de Galicia, con ausencia dun proxecto político educativo consonte co Estatuto, sen por iso renunciar á súa renovación cara a un marco de competencias que permita maiores cotas de autogoberno.

4. Cómpre sinalar a prioridade ao financiamento público; isto é, dos centros educativos de titularidade e xestión pública, e loitar tamén desde as políticas públicas contra a vulnerabilidade e a fractura social e cultural a onde conducen diversos procesos formativos e institucionais caracterizados pola segregación e o elitismo social.

5. Precisamos fortalecer o sentido deliberativo e a democracia participativa, así como as capacidades de acción e decisión das diversas instancias de xestión democrática das institucións educativas.

6. No contexto dunha sociedade plural, esixente en canto ao cumprimento da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e das súas traducións xurídicas internacionais, debe ser promovido o laicismo, a primacía da racionalidade na construción e investigación crítica do coñecemento, como tamén da racionalidade ética.

7. Reclamamos un sistema educativo galego e galeguizador; que se constitúa e impulse desde as enerxías creadoras dos galegos e das galegas, e que responda ás necesidades culturais, científicas, técnicas e sociais de Galicia. Un sistema cunha identidade cultural específica, un patrimonio e memoria que deben ser asento do noso horizonte colectivo nunha contorna mundial de moi fortes mudanzas que nos afectan e ante as que debemos ter unha posición activa e participativa, e non dependente.

8. Nun escenario de busca da sustentabilidade e de uso racional dos recursos, a Administración galega debe practicar a planificación, a coordinación e as economías de escala. A educación como servizo público ten moi alta proximidade con outros servizos públicos, sendo pois posible pensar na coordinación para unha mellor eficiencia dos recursos humanos e en particular das infraestruturas, como vía de loita tamén contra os desequilibrios territoriais.

9. Defendemos a centralidade da acción docente e dos procesos presenciais de ensinanza e aprendizaxe, que son, fundamentalmente, procesos de comunicación e interacción na construción compartida de coñecementos, de convivencia, de resolución de conflitos e de





educación moral. O valor da aula e do centro como comunidade pódese complementar, pero non se suple con propostas non presenciais nin coa mellor contribución dos mellores recursos dixitais posibles. Agora, debilitados por unha pandemia que subliña o valor dos recursos públicos, somos máis conscientes da importancia da nra educación pública, aberta, territorio compartido por todas as infancias e adolescencias en formación como espazos de vida e de aprendizaxe.

10. Entendendo os sinalados como obxectivos estratéxicos, NEG demanda a súa tradución en compromisos políticos concretos e a definición de áreas prioritarias de intervención.

MEDIDAS A IMPULSAR

A) En relación co dereito á educación.

1. Incrementar a creación pública de prazas e centros de educación infantil para o ciclo 0-3, de acordo co pertinente estudo diagnóstico e prospectivo de necesidades.

2. Revisar as normas relativas ás *ratio* escolares/docentes nas diversas etapas do sistema educativo e a posibilidade de axustes segundo necesidades metodolóxicas de intervención educativa. Favorecer os desdobres de aulas e a presenza de profesorado de apoio que permita a atención á diversidade educativa de calidade e sen segregacións, así como reducir as circunstancias actualmente relacionadas coas 'materias afíns'.

3. Combater os elementos favorecedores da discriminación, fracaso e abandono escolar, en particular relacionados coa inmigración, a etnia, a condición de clase



social, a condición sexual, a cultura tecnolóxico-dixital, e as carencias e distancia socioculturais.

4. Recoñecer o principio de inclusión como unha característica irrenunciable do sistema educativo e como única forma de garantir o dereito á educación en condicións de equidade; o que require abri-lo á presenza doutros profesionais, como as educadoras e os educadores sociais, con funcións de apoio na prevención do fracaso escolar, mellora da convivencia e de necesaria ponte co contexto institucional dos centros escolares, sen descartar a posibilidade de contar con outros perfís profesionais que poidan reforzar o traballo desde os departamentos de Orientación. Nesta liña cómpre abordar programas de atención ás necesidades específicas de apoio educativo. Esta pandemia demostrou que seguimos a ter un sistema absolutamente feble e falto de medios de coordinación na atención á diversidade.

5. Proceder a unha revisión dos tempos escolares (desde a mesma xornada diaria) e dos calendarios, tomando en consideración os resultados da investigación educativa, as indicacións crono-biolóxicas actualmente non consideradas, a necesidade de conciliación de tempos familiares-escolares-laborais, a eliminación de prácticas sociais-familiares de externalización do chamado fracaso escolar, a necesidade de reorganizar internamente os horarios para posibilitar prácticas educativas innovadoras e a debida situación central das institucións educativas públicas na coordinación dos tempos da infancia e adolescencia.

6. Precisamos avanzar para lograr que todo o territorio galego dispoña da mesma calidade de conexión á rede Internet, coa máxima velocidade e gratuidade para todo o alumnado, nomeadamente para o preuniversitario.



B) En relación cos centros de educación.

1. Elaboración e aprobación de novos regulamentos orgánicos de centro, tomando en consideración a reforma da lexislación educativa de alcance estatal, da que non cabe máis demora.

2. Propiciar a súa autonomía, para que poidan desenvolver un papel protagonista na articulación dos tempos e das tarefas escolares, asociado ao imprescindible cambio metodolóxico, na procura dun ensino renovado e atento ás necesidades de formación integral da cidadanía. Asemade debe considerarse a súa autonomía económica para xestionaren, entre outros, os materiais curriculares.

3. Desenvolvemento da normativa en materia de atención á diversidade e á inclusión e adecuación da mesma ás necesidades reais do alumnado e do conxunto da Comunidade educativa, acompañadas dunha formación docente de calidade e da atención específica de profesionais cualificados.

4. Promover a escolarización sen segregacións, impedindo a concentración de alumnado vulnerable, xa sexa por razóns socioeconómicas ou de orixe, en determinados centros públicos. A composición desequilibrada destes centros agudiza a súa situación de precariedade e rexeitamento, e incrementa a distancia e o conflito social. Un bo número de experiencias municipais na elaboración de mapas de escolarización sen segregacións son mostra das posibilidades de avanzar nesta dirección.

5. A revitalización necesaria das contornas rurais en moitos dos espazos de Galicia obríganos a pensar no papel dos centros escolares como parte dese proceso. Como equipamento público, que poida servir de asento doutros servizos á comunidade, practicando a economía de escala, e como espazo de convivencia e de promoción da vida comunitaria. É preciso acelerar a extensión da rede dos CRA (Centros Rurais Agrupados) e outras formas de agrupamentos funcionais que garantan a dotación adecuada de recursos.

6. Compre potenciar a cultura e capacidade de xestión democrática dos consellos escolares, onde se posibilite a toma de decisión co-participada polos diversos integrantes (particularmente representantes de familias e alumnado), o que esixe tempo a disposición para consultar e debater, e información fluída e transparente. Igualmente nos equipos docentes e a súa estabilidade organizada e crítica, como garantía de desenvolvemento dos proxectos educativos de centro.

7. É necesario que os centros estean imbricados nos seus contextos sociais e culturais, favorecendo sinerxías



con outras entidades, servizos e iniciativas que avancen na concreción de plans de desenvolvemento comunitario/parroquial e coordinados, segundo os casos, no ámbito municipal ou comarcal.

8. Hai que cualificar, a todos estes efectos, a dimensión pedagóxica e organizativa dos Centros de Formación do Profesorado (CFR) e dos servizos de Inspección educativa.

9. Cómpre un esixente control das subvencións ao ensino privado concertado, sendo oportuno reducir progresivamente o destino de recursos públicos a estas achegas, nun contexto de ampla existencia de prazas de escolarización pública. Deberán ser eliminados os concertos dos centros privados que segregan por sexo. É mester realizar un estudo público de diagnóstico das diversas situacións do ensino privado (concertado e non concertado) a fin de coñecer mellor os indicadores que favorecen prácticas de indesexable discriminación educativa.

10. Cómpre promover a xestión pública directa de todos os servizos complementarios do ensino público, garantindo as condicións de calidade e características educativas das prestacións. Estes servizos (comedor, transporte, actividades extraescolares...) deben ter unha cobertura suficiente e con parámetros de calidade contrastada, evitando discriminacións en función da capacidade económica e fórmulas de "co-pagamento" que non resolven o problema de fondo.

11. Será tamén necesario mellorar, de xeito inmediato, a oferta pública nos ciclos con máis demanda da Formación Profesional (FP), evitando que a maioría nalgúns deles sexa urbana e privada, e reorganizar a FP no conxunto de Galicia (urbana, suburbana rural, comarcal) como motor de dinamización socioeconómica.



12. Potenciar o desenvolvemento de plans de igualdade nos centros, que cuestionen e superen os estereotipos sexistas e que teñan como obxecto orientar as prácticas do profesorado, a organización dos centros, e a formación e a orientación profesional cara a formulacións co-educativas.

13. Impulsar a construción e adaptación dos centros educativos reducindo a pegada ecolóxica, promovendo distintas accións encamiñadas á súa sustentabilidade e ao compromiso ambiental.

14. A Administración educativa debe iniciar un proceso de adscrición e integración das Ensinanzas Artísticas Superiores no Sistema Universitario Galego (SUG) co obxectivo de rematar coa discriminación e a ambigüidade que marcan negativamente estes estudos, afastándose dos parámetros de calidade doutros países da nosa contorna. Isto permitirá, ademais, completar o mapa de titulacións do SUG, que presenta unha oferta moi limitada neste ámbito.

15. Dotar de estabilidade a rede de bibliotecas escolares de Galicia, como garante do acceso á lectura, ás metodoloxías activas, á inclusión e á alfabetización mediática e informacional, en tanto que dereito universal, para todo o alumnado e o conxunto da comunidade educativa; o que pode supoñer a creación da praza de profesor/a-bibliotecario/a nos catálogos dos centros non universitarios, para garantir a estabilidade destas ferramentas educativas que impulsan cambios metodolóxicos e propician a formación lectora do alumnado así como a adquisición das competencias en materia de información e medios de comunicación. Debe pórse en marcha un sistema de acreditación para a cobertura das prazas creadas, aproveitando a experiencia e a formación do



profesorado que puxo en marcha as bibliotecas escolares galegas nos últimos quince anos.

C) En relación coa nosa lingua.

1. É necesario aprobar un novo Decreto de Normalización da Lingua Galega no ensino que fomente o dominio e uso escolar e social do galego, mediante estratexias de inmersión lingüística nos casos precisos, superando a actual situación de minusvaloración individual e social á que contribúe o presente e efectivamente diglósico Decreto de Dinamización da Lingua Galega. Debe estar inscrito nunha política xeral que promova o uso e a dignificación do galego como lingua propia dos galegos e galegas.

2. É mester promover o coñecemento e comprensión da lingua portuguesa, a través da Lei Valentín Paz Andrade, e mediante unha aprendizaxe lingüística comparada, tomando en consideración a proximidade lingüística cos países de lingua portuguesa. Neste sentido, cómpre un esforzo sostido a fin de que se poida ensinar o portugués como segunda lingua estranxeira optativa na xeneralidade dos centros de educación secundaria.

3. Precisamos crear materiais e recursos didácticos diversificados e actualizados en galego, o que implica unha importante actuación da Administración educativa, tanto para materiais en formato impreso como dixitais. Neste senso, é necesario o fornecemento de ferramentas de creación e adaptación libres, cooperativas, motivadoras, facilmente adaptables e deseñadas respectando os parámetros de accesibilidade web.

4. Cómpre revisar o deseño e posta en práctica dos chamados programas bilingües e plurilingües, desde a perspectiva da súa orientación ao conxunto do alumnado e do respecto ao necesario afianzamento da nosa lingua propia, evitando que sexan usados para a selección do alumnado, mingüen o axeitado coñecemento científico e minimicen a presenza do galego no currículo sen conseguir, porén, resultados salientables respecto das competencias nas linguas estranxeiras. Nesta liña, resulta indispensable unha avaliación rigorosa destes programas, que inclúa a necesaria análise de competencias nos diferentes idiomas presentes no ensino.

D) En relación cos currículos.

1. Cómpre proceder á revisión dos actuais decretos curriculares mediante procedementos alternativos ás habituais condutas burocrático-administrativas, tendo presente un proxecto cultural suficientemente nidio e definido. Os currículos oficiais deben ser quen de responderen ás necesidades persoais e sociais reais e a modelos



psicopedagóxicos innovadores consonte cos avances sociais e tecnolóxicos.

2. A situación de pandemia puxo de manifesto a inoportuna sobrecarga de contidos e a necesidade de axustar de maneira racional e funcional os relevantes en cada nivel educativo. Cómpre prestarmos fundamental atención crítica a interrogantes e problemas formulados polo alumnado para comprender a realidade. Recoñecer activamente a natureza política e ética do currículo implica darlles prioridade aos problemas sociais, ambientais e politicamente relevantes (crise ecolóxica, explotación e violencia de xénero, guerras, movementos migratorios...) e conectar o coñecemento escolar co sentido e utilidade social para desenvolver unha cidadanía formada e crítica. Unha escola á altura dos tempos debe promover a sostibilidade ecolóxica, a igualdade de xénero, o respecto polas diversas identidades e orientacións sexuais, a convivencia intercultural e que a formación sociocultural teña sólidas ancoraxes no contexto galego, que ao ser complexo, rico, diverso, dinámico e sociohistórico, formula interrogantes de aprendizaxe, que hai que examinar igualmente.

3. Da nosa mellor cultura tradicional podemos extraer para os currículos saberes absolutamente precisos para hoxe en relación coa economía circular sostible cun profundo calado social e solidario, a bioeconomía, a soberanía enerxética e alimentaria, a autosuficiencia, a agroecoloxía, o decrecemento ata acadar a sostibilidade e a harmonía co equilibrio ecolóxico dos diversos ecosistemas, o comercio de proximidade e consumos de tempada, a vida comunitaria interxeracional e solidaria ou o cooperativismo vivido polas comunidades.

4. Un centro escolar debe ser entendido en si mesmo como un proxecto educativo global e inserido nunha contorna específica. Cómpre fortalecer e intensificar os programas de innovación educativa -actualmente en globados no Programa Proxecta-, tomando como punto de partida a idea dos "centros que aprenden", así como as posibilidades de traballo en rede e de constitución de redes de centros que estenden as innovacións máis valiosas. Coordinación e redes que deben permitir ampliar experiencias e distribuír orientacións de experimentación e outra oportuna documentación didáctica, con específica atención ás prácticas curriculares de aprendizaxe cooperativa e de comunidades de aprendizaxe.

5. Débense promover deseños curriculares flexibles e adaptables ás diferentes realidades, podendo dar acollida efectiva ás aulas multinivel e interciclo, que posúen valor pedagóxico e versatilidade para manter unha oferta educativa de proximidade desde os 0 anos, así como as actividades compensatorias intercentros e comunitarias que a nivel zonal deben establecerse.

6. Un axeitado desenvolvemento curricular vai unido á necesidade de elaborar e seleccionar recursos e materiais educativos facilitadores de aprendizaxes enriquecedoras e significativas, para o que cómpre ofrecerlle ao profesorado tempos, espazos e formación para que poida producir ou adaptar materiais, tanto de carácter impreso como dixital. Así como recoñecer e darlles valor ás experiencias pedagóxicas desde as que se deseñan e desenvolven. Cómpre resituar o papel dos libros de texto impresos ao tempo de promover a elaboración de recursos didácticos 'de proximidade' e dixitais, sen que sexa o mercado o que condicione o labor docente, senón que sexan os proxectos educativos quen orienten o sector editorial.



E) En relación co profesorado.

1. Precisamos favorecer a estabilidade laboral do profesorado e dos equipos docentes fronte ás políticas laborais que prexudican a calidade dos servizos públicos. Nesta liña, apuntamos a necesaria redución das interinidades ao mínimo imprescindible e a recuperación dos cómputos horarios anteriores á aplicación en 2011 do coñecido como Decreto de Medidas Urxentes.

2. Hai que redefinir a formación inicial docente, dotándoa de maior solidez na súa fundamentación, con participación das organizacións representativas do profesorado, dos centros universitarios de formación inicial e da Administración educativa. Cómpre que sexa pensada tanto desde as ciencias da educación como desde a global realidade sociocultural, permeable ás transformacións socioculturais e aos retos que a sociedade actual formula en termos de elaboración e difusión do coñecemento e dos valores asociados á formación da cidadanía. As novas tarefas da educación e a renovación da función docente pode requirir a reordenación dos recursos humanos e científicos dispoñibles, así como da oferta académica para esta formación no Sistema Universitario Galego.

3. Cómpre revisar os criterios e as programacións actuais relativas á formación en servizo do profesorado no marco dos principios e medidas aquí sinaladas, acorde coas necesidades reais dos e das docentes, dos centros educativos, da comunidade educativa e da sociedade. Haberá que atender, de modo singular, a formación tecnolóxica encamiñada ao máximo e máis enriquecedor emprego da multi-diversidade de recursos, da que nos fixo máis conscientes a pandemia que acabamos de experimentar.

4. Sería oportuno incorporar na formación inicial e en servizo do profesorado, xunto á formación entre iguais a través de microrredes, a experiencia, as capacidades e os coñecementos adquiridos por unha parte singular dos e das docentes, articulando as formas de recoñecemento dun coñecemento experto que poida ser trasladado ás aulas universitarias para a formación inicial.

5. O acceso á función pública precisa dunha efectiva revisión e actualización consonte cos avances científicos e cos retos educativos. Debe rexerse por criterios que garantan a obxectividade, rigorosidade, transparencia e igualdade de oportunidades. Débese realizar un estudo rigoroso sobre a previsión da matrícula de alumnado nos vindeiros anos, así coma das xubilacións, que permita a planificación e publicación das prazas a crear durante a lexislatura.

HORIZONTES

1. Precisamos desenvolver unha ampla concertación social democrática encamiñada a un Acordo galego pola educación, así como a revitalización do Consello Escolar de Galicia, como estratexia política e contexto onde poder asentar unha Lei Galega de Educación, mesmo dentro dos actuais marcos constitucional e estatutario galego.

2. Precisamos recuperar o nivel de investimento orzamentario anterior á crise económica e manter uns niveis de gasto educativo comparables aos das sociedades avanzadas da nosa contorna.

3. Precisamos un Acordo parlamentario e nacional galego pola lingua e pola cultura, que faga posible a revisión da actual Lei de Normalización Lingüística (1983), mediante unha nova Lei (2021) e tamén do Plan Xeral de Normalización de 2004, dándolle agora a precisa forza de lei. Á súa beira, deberanse realizar os estudos sociolingüísticos precisos e as tarefas de planificación e de procesos necesarios cara á reversión da problemática situación actual do galego.

4. Precisamos dun Plan de Educación Específico para o Rural, integrado nun Plan Integral de Desenvolvemento Global, que incorpore transversalmente a acción de varias Consellarías e inclúa medidas de discriminación positiva no marco dunha acción interdisciplinaria e de planificación territorial e zonal para reverter o proceso de desmantelamento das contornas rurais, comprometendo as universidades do SUG e outros axentes sociais na formación específica do profesorado.

5. Cómpre un Instituto de Deseño, Desenvolvemento e Avaliación Curricular, ao servizo de todo o sistema educativo galego, que promova estudos e propostas curriculares, a creación de materiais e recursos didácticos e a formación do profesorado, en colaboración co CAFI (Centro Autonómico de Formación e Innovación), os CFR e as Universidades.

6. Precisamos un Instituto Galego de Ciencias da Educación, en consorcio entre a Xunta de Galicia e as universidades de Galicia, baixo un consello académico e directivo con precisa participación e representación profesional e social, que desenvolva unha axenda galega de investigación educativa, atenta a problemas e cuestións da máxima relevancia social, e que poida ser, ademais, a axencia de avaliación educativa xeral do sistema.

**REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN**
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

Subscríbete?